

Prezado/a amigo/a:

Un ano máis solicitamos a túa colaboración para difundir o inicio dunha nova convocatoria das probas de acceso aos estudos superiores de Arte dramática para as especialidades de **Interpretación, Dirección escénica e Dramaturxia e Escenografía**: prazo de inscrición aberto ata o 20 de xuño.

Como sabes a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia é unha das poucas escolas do Estado que contan coas tres especialidades o que permite o desenvolvemento de interesantes proxectos integrados de creación escénica o que incide moi positivamente no desenvolvemento dos proxectos de aprendizaxe e de creación escénica.

Desde o traslado ao noso novo edificio hai dous anos e medio, estamos desenvolvendo novas liñas de acción orientadas a favorecer que o noso alumnado adquira unha sólida formación que se complementa coa realización de traballos prácticos cos que iniciar a súa relación co público e o desenvolvemento dunha liña persoal de traballo que favoreza a súa transición á vida activa.

Nestes momentos xa temos aberta a convocatoria de probas de acceso e toda a información está dispoñible na nosa páxina web (www.esadgalicia.com). Para máis información atendemos por teléfono (986 246 399) ou por correo electrónico (esad.galicia@edu.xunta.es). Non dubides en poñerte en contacto con nós se o estimases necesario.

Quedando ao teu dispor para o que precises, e agradecendo de novo a túa inestimable colaboración, recibe un cordial saúdo.

Manuel F. Vieites
Director